

RESPOSTAS CORRECTAS DOS CUESTIONARIOS DO CURSO: VOLUNTARIADO E PARTICIPACIÓN SOCIAL PARA A DINAMIZACIÓN DO MEDIO RURAL

Cuestionario Módulo 1: A participación social no medio rural

1. A OCDE utiliza a densidade de poboación como parámetro para diferenciar as zonas rurais das urbanas, considerándose rurais

As que teñen unha densidade inferior aos 100 habitantes por km²

2. Neste curso, relatamos como forma de participación social, entre outras:

O voluntariado social ou pertencer a unha asociación

3. Dentro dos compoñentes que definen o medio rural, atópase a ecolóxica e cultural que ten que ver entre outros con:

A capacidade de establecer relacións horizontais e lazos de solidariedade

4. Débese entender o medio rural como un espazo de:

Diversidade, transformación e oportunidades

5. Cando falamos de participación, para que sexa “real”, débense dar tres condicións:

Querer, saber, poder

6. Entre as características do voluntariado no medio rural destacan:

É predominantemente comunitaria, con modelos organizativos flexibles

7. Debemos entender o voluntariado no medio rural como:

Axente dinamizador da comunidade

8. Poden ser espazos de voluntariado no medio rural:

As asociacións locais e os grupos de acción local

9. Un dos retos das organizacións de voluntariado no medio rural é:

O traballo en rede

10. A solidariedade é:

Común a varias persoas

Cuestionario Módulo 2: Voluntariado: ámbitos de actuación

1. Cal dos seguintes NON é un valor do voluntariado

O oportunismo

2. Cal das seguintes NON é unha obriga para as EAV:

Remunerar, aínda que sexa en pequenas cantidades

3. Cal dos seguintes NON é un campo de intervención prioritario do voluntariado

A organización do territorio

4. Cal das seguintes NON pode ser Entidade de acción Voluntaria (EAV)?:

As Empresas privadas

5. En qué artigos da lei galega de Voluntariado están descritos dereitos e deberes das PV

Art. 14 e 15 da lei 3/2000, de 22 de decembro

6. Cal non é unha función do voluntariado:

A substitución dos profesionais cando eles non poden acudir ao traballo

7. Consideramos motivacións autocentradas das persoas voluntarias:

A ocupación do tempo libre e a necesidade de pertenza a un grupo

8. Son principios básicos da Lei 3/2000 de voluntariado:

A autonomía e independencia das entidades

9. As seguintes son xestións obrigatorias a realizar polas EAV co voluntariado:

Sinatura do acordo de incorporación de PV

10. Para a inscrición de unha entidade como EAV:

Ten que presentar a solicitude, acompañada da memoria, no rexistro de entidades de acción voluntaria de Galicia

Cuestionario Módulo 3: Habilidades sociais e de comunicación

1. A intelixencia emocional:

É un conxunto de capacidades para resolver problemas relacionados coas nosas emocións

2. A autoestima:

Significa coñecer ben os propios defectos e limitacións non ten por que implicar ningún desprezo cara unha mesma

3. A comunicación:

É un proceso polo cal unha persoa ou grupo transmite as súas ideas e sentimentos e recibe as ideas e sentimentos das outras/os

4. A comunicación non verbal:

É todo aquilo que transmitimos a través de xestos e sinais corporais

5. Consideramos barreiras para a comunicación:

Presupoñer que a outra persoa entende o que queremos dicirlle

6. Un estilo asertivo de comunicarnos:

Conleva un comportamento verbal firme e directo

7. Cando escoitamos activamente:

É máis probable que o noso interlocutor estea predisposto a escoitarnos

8. As habilidades sociais:

Son comportamentos (o que facemos e dicimos) que amosamos na relación coas demais persoas

9. A empatía se define como:

Capacidade para captar o significado da experiencia da outra persoa

10. Un conflito:

É unha situación de incompatibilidade de metas a nivel intrapersoal, interpersoal ou intergrupala

Cuestionario Módulo 4: Deseño de proxectos de voluntariado

1. Un proxecto

É o mapa de ruta ou guía de acción para acadar os obxectivos que nos propoñemos

2. Un proxecto

Será máis bo, canto que non existan outras iniciativas adecuadas ou suficientes en marcha para responder a esa necesidade ou interese social

3. A planificación

Podemos realizala a nivel estratéxico, táctico ou operativo

4. Na análise da realidade

Inténtamos coñecer da maneira mais precisa posible o entorno

5. A programación

E o segundo grande momento da planificación, no que formulamos entre outras cousas a xustificación e obxectivos do proxecto

6. Na metodoloxía dun proxecto

Expresamos a maneira, o cómo se vai realizar a intervención

7. A execución dun proxecto

E posterior á fase de programación do mesmo

8. Os obxectivos dun proxecto:

Determinan os logros que pretendemos acadar coa súa execución

9. Os recursos materiais dun proxecto:

Son os equipamentos, infraestruturas, medios técnicos e materiais consumibles necesarios para levalo a cabo

10. O orzamento dun proxecto:

Recolle os gastos estimados e os ingresos esperados para levar adiante o proxecto